

SOLICITUDES

Os interesados deberán inscribirse e facer a solicitude a través da páxina web da Consellería do Medio Rural:

http://www.mediatoralemar.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/transferencia_tecnologica/plan_e_actividades/

Os interesados tamén poderán obter a solicitude a través da páxina web da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia



<http://evega.xunta.gal/>



As solicitudes deberán remitirse perfectamente cubertas á EVEGA por:

Fax: 988 788 099 | e-mail: evega.medio-rural@xunta.es

Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2018

ORGANIZA

evega Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia

COLABORAN



El Liceo de Ourense



Taller práctico



Buscar

You a ter sorte

O USO DAS TIC NA XESTIÓN DAS EMPRESAS VITIVINÍCOLAS: A optimización web

7 de xuño de 2018

La Molinera

Rúa do Abrevadeiro, 1 - Ourense



PROGRAMA

09:00-09:30 Entrega da documentación. Presentación do taller.

09:30-09:45 **Introdución. Que é a optimización web?**

09:45-10:00 **Por que a maior parte das web non se posicionan ben?**

10:00-11:15 **Explicación práctica dos principais factores (ON PAGE) que afectan o posicionamento dunha páxina web.**

11:15-11:45 Pausa

11:45-13:30 **Explicación práctica dos principais factores (ON PAGE) que afectan o posicionamento dunha páxina web (continuación).**

13:30-13:45 **As ferramentas de axuda**

13:45-14:00 **Análise e recomendacións para optimizar unha web.**

Relator:

José Francisco Ouviaña | *Co-fundador TuSeo.online*
15 anos de experiencia en SEO,
márketing en liña e social media

INSCRIPCIÓN

Número de prazas: 25 | Data de inscrición: ata o día 31 de maio de 2018

OBXECTIVOS

As TIC estanse a amosar como unha fonte de novas posibilidades na xestión empresarial. O deseño dunha web da identidade, a implementación de innovacións no márketing dixital e a venda en liña, constitúen fontes de innovación que permiten mellorar a comercialización dos produtos e abren novas fontes de mercado.

No proceso de elaboración dunha web, mais aló do deseño, hai que ter en conta a optimización desta, sendo este o primeiro paso dunha estratexia en liña axeitada. A optimización web, SEO ou “optimización para os motores de busca” é o conxunto de técnicas que se empregan para mellorar a posición dun sitio ou páxina web na lista de resultados de buscadores como Google, Yahoo ou Bing. Hoxe en día representa un requisito fundamental para calquera empresa ou proxecto que teña unha páxina web e que queira obter unha mínima visibilidade na internet. Por esta razón a optimización web constitúe o alicerce de calquera estratexia que unha empresa vitivinícola, con presenza na rede, queira implementar con base no márketing e a venda en liña.

Os obxectivos desta xornada son:

- Coñecer as vantaxes do uso das TIC na xestión dunha empresa vitivinícola.
- As posibilidades estratéxicas destas no márketing dixital e a venda en liña.
- Coñecer que é a optimización web como ferramenta de visibilidade da empresa na internet.
- Adquirir unha visión global da optimización web entendendo os seus beneficios, os factores clave e as técnicas que cómpre aplicar para mellorar o posicionamento dunha web.
- Aprender a avaliar o estado dunha web e as recomendacións para melloralala.
- Identificar os principais erros que afectan o posicionamiento “on page”.
- Coñecer as principais ferramentas para corrixir os erros detectados.

DESTINATARIOS

Viticultores, adegueiros, enólogos, persoal técnico das adegas e dos consellos reguladores, persoal investigador interesado no tema. Responsables de pequenas empresas e das áreas de márketing que necesiten avaliar o estado da súa páxina web e melloralala. Con especial fincapé ás mulleres e mozos/as agricultores/adegueiros en activo. Público interesado en xeral.